

## A forza da poesía

**Vicente Araguas**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [1990]). “A forza da poesía”. *Dorna*: 16, 129-130. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/603>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (1990). “A forza da poesía”. *Dorna*: 16, 129-130.

\* Edición dispoñíbel desde o 5 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# A SOLAINA DAS LETRAS

## A FORZA DA POESÍA

Vicente Araguas

*Non se trata, claro, de resucitar a poesía social que morreu vítima, máis dos seus defectos que dos seus excesos, vai xa para quince anos.*

*Pero como que vivimos tempos nada solidarios, onde máis dun poeta entendeu que a nova consigna era cantar á flor de pitiminí ou ao seu propio embigo, non está nada mal esta proposta da Editorial Fundación Araguane y (Santiago, 1.989), chamada OFERENDA DOS POETAS GALEGOS A PALESTINA. Trinta e dous poetas para un libro fermosamente editado, con primorosa e picassiana portada do pintor –e novelista– ourensán Xaime Quessada. Diante dun libro destas características a crítica non ten sentido. Soamente dicir que a **urxencia** non foi atranco para que en bastantes dos poemas brille a **calidade**. Poisque, dígamolo de novo, ética e estética non deben de ir rifa-das.*

*Do melloriño daquela poesía social, que entoara o canto do cisne coa antoloxía de María Victoria Moreno, era Margarita Ledo, quen ven de publicar un libro de poemas tan sobrio e contido como as fotografías de Anna Turbau que serven para ilustralo. Falo de LINGUAS MORTAS (Sotelo Blanco, Barcelona, 1.989), exemplo de poesía **engagée** que non se estraga por*

*vieiros xa tripados. De feito Margarita Ledo escribe ao xeito urbano sen perder nunca a pegada telúrica. Cunha lingoaxe potente e un sentido rítmico do poema que fan canxar texto e concepto sen requilorios nin circunloquios. Agás tal vez, nun par de mostras, "Lección seriada" ou "Erratas de fe", demasiado obvias para un libro serio e traballado que non é gran de anís como confirma un dos seus mellores poemas en verso (a parte están as prosas) "A Santiña".*

*Á modalidade escrito-visual tamén pertence a última entrega de Xela Arias, TIGRES COMA CABALOS (Xerais, Vigo, 1.990). Correndo desta volta as ilustracións a cargo de Xulio Gil. Pois ben, Xela Arias confirma neste libro o que moitos dixeramos da súa primeira saída, DENUNCIA DO EQUILIBRIO; que se trata dun dos nosos poetas máis importantes e que de seguer no camiño **orixinal** tracexado, sen concesións nin falcatruadas poéticas a destempo, temos artista de verdade e para rato. Non deses artistas **paveros** que, sorpresa, choutan no seu libro (perversamente retratados por Xulio Gil) ignóranter de que neles **nace a volta ó máis pasado**. Polo demáis, ao meu entender, Xela Arias debera esquencer esas consonancias (ou asonancias) que, ás veces, lixan o ritmo duns poemas que, puros na*

súa liberdade, non precisan de corsé ningún.

O último Premio Leliadoura foi para Manuel Rivas polo seu NINGÚN CISNE (Sotelo Blanco, Barcelona, 1.989), unha doa máis que engadir ao seu rosario de poeta-narrador-xornalista. Porque neste escritor que vai (con absoluto acerto) a por todas, ningunha das súas facetas, e aínda debe haber algunha máis agachada, mingua ás outras. UN MILLÓN DE VACAS, GALICIA, EL BONSAI ATLÁNTICO e NINGÚN CISNE, por citar as súas entregas recentes, complementan a un autor que narra cando poetiza e é lírico á hora de contar. No referente a NINGÚN CISNE, quinto libro de poemas de Rivas, sinalar que nada hai nel que non souberamos do autor coruñés, v.g: actitudes urbanas, sentido do humor, saudade da natureza, nostalgia da nenez, influencias cinematográficas e do rock, construción argumental do poema, etc. Non obstante, como despois das anteriores publicacións non semellaba quedar moi claro o valor de todo isto, non está de máis que un premio prestixioso, atal o Leliadoura, viñera recaer nun libro –e nun autor– destas características. Ben alleas ás rosas de pitimini e aos embigos dos que falaba no inicio deste comentario.

Sen pé de imprenta aparece un libro bastante insólito no noso panorama, MANUAL DE MASOQUISTAS de Antonio R. López. O autor de SUCIOS E DESEXADOS segue, ao ben visto, sen casar con ninguén, entregando agora que non se leva, un feixe de prosas líricas que poden ser lidas conxuntamente ou por separado, Algún, tal vez o propio autor, considerará que se trata de relatos ou argumentos de vídeo-clips, por exemplo. Para min constitúen mostras potentes de visións poéticas dun mundo exquisito na súa propia decadencia. E que, seguramente por iso, ven a

luz nun envoltorio tan coidado como clandestino. Eu quixera para este libro a difusión que merece. Entre outras cousas polo sentido musical (e visual) que a prosa (lírica ou non que eu penso que si) de Antonio R. López ten.

Antón Avilés de Taramancos, un dos nosos autores máis telúricos, volve ás librerías con AS TORRES NO AR (Sotelo Blanco, Barcelona, 1.989). E xa que o telurismo é o seu punto forte cabería salientar neste libro a sección titulada Cantos á carón da terra, exemplo de poesía elegante e coidada, pouco novidosa pero impecable na súa execución. Non embargantes outras das seccións, O cántico das naves: elexías do mar resulta, por épica a destempo, excesivamente pesada, se ben nela hai un poema de antoloxía: "O pé do mariñeiro é de natural ancho". Queda, en fin, unha terceira parte (sen contar o Pórtico) chamada A torre secreta onde Antón Avilés non remata de callar como sonetista: algo hai que atranca o conxunto nuns sonetos demasiado vistos.

Sonetista de primeira resulta Darío Xohán Cabana en A PATRIA DO MAR (Ir Indo, Vigo, 1.989), libro datado, polo menos a xulgar polo ano en que recebera unha axuda á creación literaria, en 1.983. Sonetos e outras probas métricas nas que o autor de Roás é consumado executor.

Mágoa, relativa pois os poemas deste libro son en liñas xerais intemporais, que A PATRIA DO MAR teña tardado tanto en sair. Simultaneamente a esa espléndida novela que é GALVÁN EN SAOR, que por certo xa viña anunciada na sección de A PATRIA DO MAR titulada Pedra e Léndas.

Rematamos dando conta do Premio de Asociación de Críticos que recaeu na súa modalidade de poesía galega no libro REMOL DAS TRAVESÍAS. (Col. Dombate, Galaxia) do que é autor Luís González Tosar.